



**Federación Galega  
de Caza**

*Gabinete de Comunicación*



**XUNTA DE GALICIA**  
PRESIDENCIA  
Secretaría Xeral para o Deporte

## A cuadrilla lucense “Parrilla Antonio” gaña o Campionato Galego de Caza de Raposo

O pasado 16 de xaneiro celebrábase nos montes da zona de A Cañiza (Pontevedra) o Campionato Galego de Caza de Raposo, organizado pola Federación Galega de Caza en colaboración coas Sociedades de Caza de A Cañiza e Santa Bárbara de As Neves.

Participaban na proba 16 cuadrillas clasificadas para esta proba do seguinte xeito: 4 pola provincia de A Coruña, 3 pola provincia de Lugo, 3 pola provincia de Ourense, e 4 pola provincia de Pontevedra previamente clasificados dos respectivos campionatos provinciais, ademais do campión da edición anterior, o 1º clasificado da Copa Federación 2008 e mailo o 1º clasificado da Copa Galicia 2009.



Rematada a proba, era a cuadrilla “Parrillada Antonio” da Sociedade de Caza Sta Maria Alta, da provincia de Lugo, a que se proclamaba Campiona Galega tras capturar un raposo. O podio quedaba do seguinte xeito:

CLASIFICACIÓN				
Pos	Cuadrilla	Sociedade	Prov.	Capturas
1º	Parrillada Antonio	Sta María Alta	LU	1 raposo
2º	Os Furtivos	Venatoria Bergantiños	CO	1 raposo
3º	San Roque de Coristanco	Coristanco	CO	1 raposo

### Gabinete de Comunicación

FEDERACIÓN GALEGA DE CAZA

[www.federaciongalegadecaza.com](http://www.federaciongalegadecaza.com)

FEDERACIÓN GALEGA DE CAZA

Estadio Multiusos de San Lázaro, Porta 12 - Tlf. 981 562 777 Fax 981 562 779 – 15707 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Correo Electrónico: [federacion@federaciongalegadecaza.com](mailto:federacion@federaciongalegadecaza.com) Internet: <http://www.federaciongalegadecaza.com>